

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

- 5192** *Real decreto 300/2011, do 4 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e se habilita o titular do Ministerio de Economía e Facenda para modificar os seus anexos.*

O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, actualiza os modelos de anuncios recollidos nos anexos do regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, adaptándoos á nova regulación dos contratos públicos.

En virtude de circunstancias de diversa índole, resulta necesario modificar o formato do denominado «Modelo de anuncio para a licitación dos contratos» e establecer un novo modelo para utilizar na redacción dos anuncios de formalización dos contratos.

O modelo de anuncio para a licitación dos contratos varíase en tres aspectos. En primeiro lugar, suprímese a necesidade de expresar o tipo de IVE aplicable no número 5 do modelo, pola consideración fundamental de que en determinadas zonas do territorio nacional non é este o imposto aplicable, á cal se engade a imposibilidade de sinalar unha única porcentaxe naquelas licitacións que se refiren a diversos lotes suxeitos a tipos de IVE diferentes. En segundo termo, no número 9, referido ao acto de apertura das ofertas, engádese a exigencia de que se inclúa unha descrición deste, debido á súa posible configuración como acto de desenvolvemento fragmentado, en canto se refira aos diversos elementos das proposicións que a lexislación substantiviza, dunha ou doutra forma, para os efectos da súa consideración e valoración separada no proceso de licitación (documentación acreditativa dos requisitos de aptitude do licitador; elementos da oferta non valorables de forma automática; elementos que admiten unha valoración mediante a mera aplicación de fórmulas). Por último, inclúese a mención do valor estimado do contrato.

O novo modelo de anuncio de formalización de contratos, pola súa parte, responde á necesidade de dar publicidade a este acto, de acordo coa nova redacción dada ao artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público pola Lei 34/2010, do 5 de agosto, de modificación das leis 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa para adaptación á normativa comunitaria das dúas primeiras.

Ademais, co fin de facilitar no futuro a adaptación do formato dos anuncios, inclúese unha habilitación ao titular do Ministerio de Economía e Facenda para que, por orde ministerial, se poida modificar o anexo II do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, de forma idéntica á previsión contida na disposición adicional sexta do regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Esta habilitación esténdese, en conexión co establecido no número 2 da disposición derradeira novena da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, á especificación dos datos que se lle deberán comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público, recollida no anexo I do referido real decreto e aqueles anexos que recollan datos ou mencións exixidos pola normativa da Unión Europea.

Polo que se refire ao anexo III do Real decreto 817/2009, non resulta necesario efectuar unha modificación expresa del, adaptándoo á nova regulación da formalización dos contratos públicos, establecida pola Lei 34/2010, do 5 de agosto, dado que o anuncio de adxudicación no Diario Oficial de la Unión Europea contén información relativa á data de

formalización, que necesariamente é posterior á de adxudicación. Polo tanto, na falta dunha iniciativa expresa da Unión Europea de modificación de tal anuncio débese entender que reúne sinteticamente información relativa tanto á adxudicación como á formalización.

Na tramitación deste real decreto obtívose o informe previo da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.*

O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, queda modificado como segue:

Un. A disposición derradeira segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira segunda. Modelos de anuncios.

Habíltase o titular do Ministerio de Economía e Facenda para modificar os anexos establecidos neste real decreto. Cando se trate de anexos que recollan datos ou mencións exixidos en disposicións da Unión Europea, as modificacións acomodaranse ás que se produzan no ámbito da Unión Europea nas citadas disposicións.

Os anuncios de información previa, de licitación e de formalización de contratos axustaranse aos modelos incluídos no anexo II cando se teñan que publicar no Boletín Oficial del Estado, e aos modelos incluídos no anexo III cando vaian ser obxecto de publicación no Diario Oficial de la Unión Europea.»

Dous. A rúbrica do anexo II do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, queda redactada do seguinte modo:

## «ANEXO II

### **Modelos de anuncios de licitación e formalización dos contratos para a súa publicación no «Boletín Oficial do Estado»**

Tres. A letra B «Modelo de anuncio para a licitación dos contratos» do anexo II queda redactada do seguinte modo:

«B. *Modelo de anuncio para a licitación dos contratos*

1. Entidade adxudicadora: datos xerais e datos para a obtención da información:
  - a) Organismo.
  - b) Dependencia que tramita o expediente.
  - c) Obtención de documentación e información:
    - 1) Dependencia.
    - 2) Domicilio.
    - 3) Localidade e código postal.
    - 4) Teléfono.
    - 5) Telefax.
    - 6) Correo electrónico.

- 7) Enderezo da internet do perfil do contratante.
- 8) Data límite de obtención de documentación e información.
- d) Número de expediente.
2. Obxecto do contrato:
  - a) Tipo.
  - b) Descrición.
  - c) División por lotes e número de lotes/número de unidades.
  - d) Lugar de execución/entrega:
    - 1) Domicilio.
    - 2) Localidade e código postal.
  - e) Prazo de execución/entrega.
  - f) Admisión de prórroga.
  - g) Establecemento dun acordo marco (de ser o caso).
  - h) Sistema dinámico de adquisición (de ser o caso).
  - i) CPV (Referencia de nomenclatura).
3. Tramitación e procedemento:
  - a) Tramitación.
  - b) Procedemento.
  - c) Poxa electrónica.
  - d) Criterios de adxudicación.
4. Valor estimado do contrato:..... euros
5. Orzamento base de licitación:
  - a) Importe neto..... euros. Importe total..... euros.
6. Garantías exixidas.  
Provisional (importe)..... euros.  
Definitiva (%).....
7. Requisitos específicos do contratista:
  - a) Clasificación (grupo, subgrupo e categoría) (de ser o caso).
  - b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional (de ser o caso).
  - c) Outros requisitos específicos.
  - d) Contratos reservados.
8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:
  - a) Data límite de presentación.
  - b) Modalidade de presentación.
  - c) Lugar de presentación:
    1. Dependencia.
    2. Domicilio.
    3. Localidade e código postal.
    4. Enderezo electrónico:
  - d) Número previsto de empresas ás cales se pretende invitar a presentar ofertas (procedemento restrinxido).
  - e) Admisión de variantes, se procede.

f) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta.

9. Apertura de ofertas:

- a) Descrición.
- b) Enderezo.
- c) Localidade e código postal.
- d) Data e hora.

10. Gastos de publicidade.

11. Data de envío do anuncio ao Diario Oficial de la Unión Europea (de ser o caso).

12. Outras informacións.»

Catro. A letra C do anexo II do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, queda modificada da seguinte maneira:

1. Queda sen efecto o «Modelo de anuncio de adjudicación de contratos» da letra C do anexo II do Real decreto 817/2009, do 8 de maio.

2. A rúbrica da letra C do anexo II do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, queda redactada como segue:

*«C. Modelo de anuncio de formalización de contratos»*

3. A letra C «Modelo de anuncio de formalización de contratos» do anexo II do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, queda redactada como segue:

*«C. Modelo de anuncio de formalización de contratos»*

1. Entidade adjudicadora:

- a) Organismo.
- b) Dependencia que tramita o expediente.
- c) Número de expediente.
- d) Enderezo da internet do perfil do contratante.

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo.
- b) Descrición.
- c) Lote (de ser o caso).
- d) CPV (Referencia de nomenclatura).
- e) Acordo marco (se procede).
- f) Sistema dinámico de adquisicións (se procede).
- g) Medio de publicación do anuncio de licitación.
- h) Data de publicación do anuncio de licitación.

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación.
- b) Procedemento.

4. Valor estimado do contrato: ..... euros

5. Orzamento base de licitación. Importe neto..... euros. Importe total..... euros.

6. Formalización do contrato:

- a) Data de adjudicación.
- b) Data de formalización do contrato.
- c) Contratista.

- d) Importe ou canon de adxudicación. Importe neto..... euros. Importe total ..... euros.
- e) Vantaxes da oferta adxudicataria.»

**Disposición transitoria única.** *Utilización transitoria do modelo de anuncio de adxudicación de contratos.*

Non obstante o sinalado no punto catro.1 do artigo único, o «Modelo de anuncio de adxudicación de contratos», establecido na redacción anterior da letra C do anexo II do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, seguirá utilizándose transitoriamente naqueles procedementos que se rexen pola normativa anterior á entrada en vigor da Lei 34/2010, do 5 de agosto, de modificación das leis 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, e 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa para adaptación á normativa comunitaria das dúas primeiras.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta segunda do Goberno  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ